

CON OLLOS MATEMÁTICOS

EDUCACIÓN
INFANTIL. 3 ANOS



¡Queremos chegar ata o teito!

Actividade	¡Queremos chegar ata o teito!
Nivel	Educación Infantil 3 anos (2005-2006) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Propoñernos un obxectivo e colaborar entre todos e todas para alcanzalo: “Construír unha torre que chegue ata o teito”. -Buscar solucións ás dificultades que poidan xurdir: non lle chegamos, non temos ladrillos... -Establecer comparacións entre a altura da torre e o noso corpo. -Observar que non somos todos iguais: uns/unhas somos máis baixos/as e outros/as máis altos/as. -Respectar os sentimentos alleos: “teño medo e non quero subir á escaleira”. -Relativizar a altura dos obxectos e persoas ó variar a situación dos mesmos no espazo: subida a unha escaleira son máis alta ca torre... -Representar graficamente os obxectos e persoas no espazo. -Disfrutar co obxectivo alcanzado. -Predicir canto medirá a torre.
Organización	<p>Tempo: varias sesións de 30-40 minutos</p> <p>Espazo: aula</p> <p>Materiais: ladrillos plásticos, briks de leite, cadeiras de diferentes tamaños, escaleira, papel, rotuladores</p> <p>Agrupamento: gran grupo-individual</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª Sesión-Observo que algúns nenos/as no xogo libre están entusiasmados/as coa construción de torres cada vez máis altas.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Propóñolles construír unha torre entre todos e todas. Pregúntolles como queren facela e deciden que queren que chegue ata o teito. -Colocámonos en gran grupo cun ladrillo na man e, por quendas, iniciamos a construción da torre. Aproveito para facerlles observar: ¿onde lle chega a torre a Santi? ¿e a Ángeles? ¿quen é máis alta a torre ou Laura? <p>2ª Sesión-A torre xa empeza a sobrepasar a altura dalgúns nenos e nenas. Atopámonos axiña con que non lle chega ninguén e non podemos seguir colocando ladrillos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Entre todos/as buscan unha solución, subírnos a unha cadeira. <p>3ª Sesión-Observamos que pronto hai algún/a neno/a que nin subido á cadeira é quen de seguir colocando ladrillos. Aproveito a ocasión para reflexionar sobre as diferenzas físicas: ¿por que Pedro non lle chega a Maia si?</p> <ul style="list-style-type: none"> -Como a cadeira non é suficiente, deciden buscar unha cadeira máis grande, a da profe Ana. Polo momento, podemos seguir poñendo ladrillos. -Temos un problema, non hai cadeiras máis grandes e xa non lle chegamos. Deciden pensar como solucionalo e deixalo para mañá. <p>4ª Sesión-Un neno trae a solución, podemos pedirlle unha escaleira a Paco, o conserxe. Cando aparece a escaleira, rompen en aplausos de entusiasmo. Cando algúns/as se percatan de que hai que subir por ela, deciden que non queren subir e todos/as entendémolo. Posteriormente, a maioría cambia de opinión. Seguimos colocando ladrillos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comparamos a altura da escaleira coa torre, a altura da profe Loli respecto á escaleira e á torre, cando está no chan e cando sube á escaleira.

Actividade	¡Queremos chegar ata o teito! (Continuación)
Nivel	Educación Infantil 3 anos (2005-2006) Titora: Ana Castro
Desenvolvemento das actividades	<p>5ª Sesión -Propóñolles debuxar a torre, a escaleira e o/a neno/a subindo por ela. Facemos unha pequena posta en común dalgúns debuxos para sinalar o que fixeron ben e aportar melloras.</p> <p>6ª Sesión -Quedámonos sen ladrillos. Deciden buscar na casa a ver se teñen algo que poida facer de ladrillos. Como non atopan a solución, decido que un personaxe fantástico lles deixe unha nota e, como se fose unha adiviña, descubran que obxecto hai en tódalas casas que ten unha forma semellante a un ladrillo. Trátase loxicamente dun brik. Ó día seguinte, moitos veñen cargados con briks ben lavados. Continuamos a construción da torre.</p> <p>7ª Sesión -Non teño palabras para describir o entusiasmo cando chegamos ata o teito. Espontaneamente berraron a coro ¡¡Chegamos ata o teito!!Tivemos que ir a outras clases de Infantil a comunicarlles a noticia. Houbo nenos/as que se pasaron coreando esa frase toda a tarde na casa.</p> <p>8ª Sesión - Indícolles que debuxen nun folio a torre que chega do chan ata o teito. Facemos unha pequena posta en común dalgúns debuxos para sinalar o que fixo ben e aportar melloras. Levan unha nota coa foto da torre que chega ó teito, para contarlles a papi e a mami que por fin o conseguimos.</p> <p>9ª Sesión -Sinalan individualmente canto pensan que medirá a torre e o poñen por escrito.</p>
Comentario	Este pequeno proxecto en 3 anos foi moi frutífero polo entusiasmo dos cativos/as. Implicáronse dende un principio no traballo que foi un verdadeiro acontecemento para eles/elas. Quero subliñar que nas pequenas postas en común xa empezan a poñerse no lugar doutro e son quen de suxerir melloras, cuestión que, para este nivel educativo, paréceme moi significativa.

Construimos torres espontaneamente



Imos facer unha torre ata o teito!



A torre é máis baixa que...máis alta que...



¡Non lle chego!



¿Por que Pedro non lle chega e Maia si?



¿Somos todos iguais de altos?



Collemos a cadeira da profe





Paco tráenos
unha escaleira



Subindo e baixando



¡Quedámonos
sen ladrillos!





**Debuxamos a torre, a escaleira e
o/a neno/a subindo por ela**

SOUKAINA

NENO

DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O/A NENO/A SUBINDO.



ESCALEIRA

TORRE




¿Que vos parece o debuxo que fixo Soukaina da torre?

(Posta en común)

- **NON HABÍA DÚAS ESCALEIRAS E DÚAS TORRES**
(Yanira)
- **¿O/A NENO/A ESTABA VOANDO?** (profe Ana)
- **SI!!(todos/as)**
- **ESTABA CAÍNDO, CAIU DA ESCALEIRA PORQUE ESTABA MOI ALTA E NON LLE AXUDARON** (Néstor)

DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O/A NENO/A
SUBINDO.




¿Que vos parece o debuxo que fixo Nico da torre?


(Posta en común)

- NICO NON DEBUXOU OS PISOS Á TORRE (Antón)
- O NENO ESTÁ CAENDO, NON SUBE POLA ESCALEIRA (Celeste)
- A TORRE NON É MÁIS ALTA CA ESCALEIRA (Mario)

ANTÓN



DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O/A NENO/A
SUBINDO.




TORRE

NENO

ESCALEIRA

CANDELA

DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O/A NENO/A SUBINDO.



Vo ~ o o o o

CELESTE

DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O/A NENO/A SUBINDO.

DEBUXO A TORRE, A ESCALEIRA E O NENO/A
SUBINDO.




DEBUXO A
TORRE, A ESCALEIRA
E O NENO/A
SUBINDO .

ESCALEIRA

NENO
("CON MOITOS OLLOS")

TORRE

ANDREA





¡¡Chegamos ata o teito!!



¡CHEGAMOS ATA O TEITO!


ONTE FOI UN DÍA ESPECIAL PARA OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS PORQUE POR FIN FUMOS QUEN DE CHEGAR ATA O TEITO COA TORRE "MONTAÑA RUSA" DURANTE TODO ESTE TEMPO TIVEMOS QUE SOLUCIONAR ALGÚNS PROBLEMAS: ¿COMO CHEGAR CADA VEZ MÁIS ARRIBA? ¿DE ONDE SACAR MÁIS LADRILLOS? APROVEITAMOS PARA FACER COMPARACIÓNS, PENSAR QUE PASARÁ, CONTAR, DEBUXAR O QUE FIXEMOS...



NOTA ENVIADA A TÓDOLOS PAIS E NAIS PARA QUE FOSEN COPARTÍCIPIES DESTE "ACONTECEMENTO" E SERVISE DE MOTIVO PARA DIALOGAR COS SEUS FILLOS/AS SOBRE O QUE SUCEDE NA ESCOLA

A decorative border of colorful balloons (blue, pink, orange) with black strings, arranged in a rectangular frame around the page.

**Debuxamos a torre que chega do
chan ata o teito**



A hand-drawn sketch of a tower structure. The drawing is composed of several green lines. A large, irregular green outline represents the main body of the tower. Inside this outline, there are several vertical and diagonal lines. On the left side, there are two vertical lines that appear to be supports or internal structures. At the bottom left, there is a small green tuft. The text 'SANTI' is written in pink below this tuft. At the bottom left, the word 'CHAN' is written in pink. At the bottom center, the word 'TEITO' is written in pink. In the middle right area, the words 'A TORRE' are written in pink. In the center right area, there is a block of text in black: 'DEBUXA A TORRE QUE CHEGA ATA O TEITO.' The drawing is on a white background.

DEBUXA A TORRE
QUE CHEGA ATA
O TEITO.

A TORRE

SANTI

CHAN

TEITO

¿Que vos parece o debuxo que fixo Santi da torre?

(Posta en común)

- NON TEN LUCES (Candela)
- NON HABÍA QUE FACELAS (profe Ana)
- NON TEN PORTA (Candela)
- A PORTA DA CLASE TAMPOUCO HABÍA QUE FACELA (profe Ana)
- O CHAN ESTÁ ABAIXO (Sergio)
- QUERES DICIR QUE NON O DEBUXOU NA PARTE DE ABAIXO DA FOLLA
- SI
- O TEITO ESTÁ ARRIBA (Sergio)
- QUERES DICIR QUE NON O DEBUXOU NA PARTE DE ARRIBA DA FOLLA
- SI

DEBUXA A
TORRE QUE
CHEGA Ó TEITO.

TEITO

MARIO

¿Que vos parece o debuxo que fixo
Mario da torre?
(Posta en común)

- NON TEN BRIKS (Pedro)
- SON AS RAIAS (Mario)

A TORRE

CHAN

O TEITO

A TORRE

¿Que vos parece o debuxo que fixo Pedro da torre?

(Posta en común)

- A TORRE "VOA" (Álvaro)
- QUERES DICIR QUE NON SE APOIA NO CHAN (profe Ana)
- SI

PEDRO

O CHAN

DEBUXA A
TORRE QUE
CHEGA Ó
TEITO




MAIA

↓
O TEITO

↓
O CHAN

A TORRE

DEBUXA A TORRE
QUE CHEGA O
TEITO.



DEBUXA A TORRE QUE CHEGA O TEITO



O TEITO


YANIRA

A TORRE

CHAN

DEBUXA A
TORRE QUE
CHEGA O'
TEITO.

ANTÓN



TORRE

TEITO

CHAN



DEBUXA A
TORRE QUE
CHEGA D'
TEITO

A decorative border of colorful balloons (blue, pink, orange) with black strings, arranged in a rectangular frame around the page.

Predicimos canto mide a torre

Tudo o que se vê
CANDELA

6 METROS



TORRE

→ FIRMA

o CANTO MIDE A TORRE?

MIDE MÃS ALTA

TORRE ←

¿CANTO
MIDE
A TORRE?



PEORO


→ TORRE

6'90 GRAMOS


¿CANTO MIDE A TORRE?

ÁLVARO

← FIRMA DE ÁLVARO



MARIO



↓
TORRE

80 KILOMETROS

CA. TAVI: JIJIV

NÉSTOR


¿CANTO MIDE A
TORRE?

TORRE

4 KILÓMETROS





¿CANTO MIDE
A TORRE?



¿CANTO MIDE A TORRE?

1, 2, 3, 4, 5, 6 (SINALA
COS DEDOS)





NICO

¿CANTO MIDE A
TORRE?

2 TORRES

CIENTO MIL
CATORCE



Pautas de avaliación	¡Queremos chegar ata o teito!
Nivel	Ed. Infantil 3 anos Titora: Ana Castro
	<p>Grao de implicación no proxecto común</p> <ul style="list-style-type: none"> • móstrase moi interesado/a e participativo/a • mostra pouco interese e participación • non se interesa nin participa <p>Exprasa as súas hipóteses sobre as cuestións que se lle plantexan (comparar a altura da torre co noso corpo, solucionar como seguir construíndo a torre...)</p> <ul style="list-style-type: none"> • non as expresa pero se mostra interesado/a • non as expresa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Representa graficamente a torre, a escaleira e o/a neno/a subindo</p> <ul style="list-style-type: none"> • sitúa correctamente no espazo os diferentes elementos • ubica os diferentes elementos a representar pero non os sitúa na posición axeitada • fai unha representación subxectiva, engadindo elementos <p>Predí canto medirá a torre</p> <ul style="list-style-type: none"> • expresando unha cantidade e unha unidade de medida • expresando unha cantidade soamente • expresando unha calidade da torre (“mide máis alta”) <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • respecta as quendas e os puntos de vista alleos • ten dificultades para respectar as quendas e outros puntos de vista <p>Implícase nas tarefas individuais</p> <ul style="list-style-type: none"> • con interese e esforzo • con pouco interese e esforzo

Algunhas reflexións sobre este pequeno proxecto matemático

- As actividades espontáneas como fonte de contidos matemáticos
- A aprendizaxe significativa: un proxecto real e común
- Establecer relacións torre-corpo: a torre chégame ata...
- Comparar a altura da torre coa nosa altura. A comparación base da medición.
- Buscar solucións ás dificultades.
- Observar que somos diferentes. Comparámonos.
- Respetar que non todos disfrutamos das mesmas cousas.
- Relativizar a altura dos obxectos e persoas ó variar a situación no espazo
- A emoción do obxectivo alcanzado
- Representar graficamente (xeometría) os obxectos e persoas no espazo
- Poñer en común diferentes puntos de vista
- Realizar predicións



**¿CANTOS CINTOS DE
SUPERHEROE TEÑO
QUE RECORTAR?**



Actividade	¿Cantos cintos terei que recortar para o disfrace de superheroe?
Nivel	Educación Infantil 3 anos (2005-2006) Titora: Ana Castro
Obxectivos	-Estimar unha cantidade, argumentando. -Participar nunha posta en común, escoitando e respectando os puntos de vista alleos.
Organización	Tempo: 1 sesión de 10 minutos Espazo: aula Materiais: papel e bolígrafo para rexistrar a conversa Agrupamento: gran grupo
Desenvolvemento das actividades	-Estamos en entroido e, mentras merendan, venme recortar algúns elementos do disfrace que serían de difícil execución para eles/elas. - Aproveito o feito mencionado, para que fagan unha estimación “¿Cantos cintos pensades que terei que recortar para o disfrace de superheroe?” -Vou interactuando con eles/elas e recollendo por escrito as súas intervencións.
Comentario	Aínda que a maioría dos alumnos/as non se achegaron á resposta correcta, considero que a situación de aprendizaxe foi moi valiosa. A estas idades, o feito de poñelos en situación de escoitarse e de explicar un punto de vista, aínda que sexa erróneo, é un primeiro paso cara á autonomía intelectual. Teño bastante claro que a maioría non comprendeu por que tiña que recortar 18 cintos, pero, neste intre, é o de menos, os meus obxectivos eran outros.

¿CANTOS CINTOS TEREI QUE RECORTAR PARA O DISFRAZ DE SUPERHEROE?

- MOITOS (Álvaro)
- 1, 2, 3..., (Yanira) (Conta os/as nenos/as)
- ¿QUE ESTÁS FACENDO? (Profe Ana)
- CONTAR OS NENOS (Yanira)
- ¿POR QUE? (Profe Ana)
- PORQUE HAI MOITOS NENOS (Yanira)
- PARA SABER CANTOS CINTURONES (Álvaro)
- ¿ALGUÉN SABE CANTOS CINTOS TEÑO QUE RECORTAR SEN CONTAR? (Profe Ana)
- 1 (Soukaina)
- NON, HAI MOITOS! (Todos)
- 1, 2, 3, 4, 5... (Laura e Yanira)
- MOITOS (Antón)
- ¿MOITOS? ¿CANTOS? (Profe Ana)
- 18 (Rubén)
- ¿POR QUE? (Profe Ana)
- NON SEI (Rubén)
- ¿ALGUÉN SABE POR QUE HAI 18? (Profe Ana)
- EQUIVÓCASE
- 1 (Anira)
- ¿SÓ HAI UN? (Profe Ana)
- NON, HAI MOITOS, 8 (Anira)
- 6 (Pedro)(senalando cos dedos)
- MOITOS (Ángeles)(senalando tamén cos dedos ata 6)
- ¿CANTOS? (Profe Ana)
- 18, cando estamos todos (Mario)
- ¿POR QUE? (Profe Ana)
- HAI UN 1 E UN 8 (Mario)
- ¿ONDE O VICHES? (Profe Ana)
- NA CASA, TEÑO NÚMEROS (Mario)
- 17 (Néstor)
- ¿COMO FIXECHES? (Profe Ana)
- NON SEI (Néstor)

- 18 (Sergio)
- ¿POR QUE? (Profe Ana)
- PORQUE ESTÁ ESCRITO (Sergio)
- 8, PORQUE ESTÁ AÍ (sinala o taboleiro de cortiza onde está escrito o número total de alumnos/as que hai na clase, 18)
- 5 (NICO)
- ¿POR QUE?(Profe Ana)
- ...
- 1 (Celeste)
- ¿SÓ HAI UN NENO NESTA CLASE? (Profe Ana)
- NON, HAI MOITOS (Todos)
- 5, PORQUE NA MIÑA CASA TEÑO UN CALENDARIO CUNS MONECOS PARA CONTAR CANDO DURMO BEN E MAL (Candela)
- ¿COMO PODEMOS SABER QUEN TEN RAZÓN? UNS DIN 1, OUTROS 6, OUTROS 18...
- CONTANDO (Todos)
- Axúdolles a contar e comprobamos que somos 18.
- ¿CANTOS CINTOS ENTÓN TEÑO QUE FACER? (Profe Ana)
- ALGÚNS DIN 18, OUTROS CALAN.
- ÁLVARO ENGADE Ó FINAL: VES, PROFE EU TIÑA RAZÓN (EL DIXERA 8)

EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS, 2º TRIMESTRE

Pautas de avaliación	¿Cantos cintos terei que recortar para o disfrace de superheroe?
Nivel	Ed. Infantil 3 anos Titora: Ana Castro
	<p>Relaciona número de cintos co número de alumnos/as</p> <ul style="list-style-type: none"> • establece a relación • non a establece <p>Expresa as súas hipóteses sobre cantos cintos terei que recortar</p> <ul style="list-style-type: none"> • non as expresa pero se mostra interesado/a • non as expresa e non mostra interese • participa, afirma, pero non explicita as súas hipóteses • explicita as súas hipóteses, non achegándose á realidade • explicita as súas hipóteses, achegándose á realidade <p>Busca algunha estratexia para pescudar cantos cintos hai que recortar sen utilizar o conteo</p> <ul style="list-style-type: none"> • atopa unha estratexia e explícaa • da a solución pero non é quen de explicar como chegou a pescudalo • non comunica ningunha estratexia <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • respecta as quendas e os puntos de vista alleos • ten dificultades para respectar as quendas e outros puntos de vista

A decorative border consisting of a repeating pattern of yellow suns with orange outlines, arranged in a rectangular frame around the page.

XOGAMOS ÓS BOLOS

Actividade	Xogamos ós bolos
Nivel	Educación Infantil 3 anos (2005-2006) Titora: Ana Castro
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Participar nun xogo colectivo, cumprindo as normas. -Contar os bolos caídos e os bolos que quedan en pé. -Representar e comparar as puntuacións obtidas. -Facer predicións sobre a cantidade de bolos que poden tirar.
Organización	<p>Tempo: 2 sesións de 30 minutos</p> <p>Espazo: aula</p> <p>Materiais: bolos, pizarra, xiz, rotuladores e papel</p> <p>Agrupamento: pequeno grupo-individual</p>
Desenvolvemento das actividades	<p>1ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Esta actividade levouse a cabo primeiro coa metade da clase e logo coa outra metade. - Colocamos os bolos e un a un foron tirando. Contamos cantos caíron e cantos quedaron en pé. Anotaron na pizarra, á súa maneira, a puntuación obtida. Ó final, establecimos comparacións ¿quen tirou máis bolos? ¿quen tirou menos? ¿quen tirou igual, o mesmo número de bolos? - Individualmente debuxaron os bolos que tiraron. <p>2ª Sesión</p> <ul style="list-style-type: none"> -Antes de que tirasen individualmente, pedínlles que fixesen predicións, ¿cantos bolos pensas que vas tirar? ¿cantos tiraches? ¿tiraches máis dos que pensabas? -Puxemos en común as predicións para ver se podían ser posibles ou non. -Debuxan os bolos que tiraron
Comentario	Ademais da situación de conteo e a comparación das puntuacións, resultou moi interesante a predición dos bolos que tirarían porque había nenos/as que non tiñan en conta que non podían tirar máis dos bolos que había.

Tócalle a tirar a Celeste



ANA - 4	PEDRO - 1
SERGIO - 1	CANDELA - 0
NICO - 3	YANIRA - 0
YANIRA - 0	LAURA - 0
ANTÓN - 0	ALVARO - 3
SOUKAINA - 0	CELESTE - 1
RUBÉN - 5	ANGELES - 1
NÉSTOR - 1	MAYCA - 4
	KARI - 1

Anotamos as puntuacións



A decorative border consisting of a repeating pattern of yellow suns with orange outlines, arranged in a rectangular frame around the page.

**Debuxámonos tirando os bolos,
anotamos cantos caíron**

XOGAMOS OS BOLOS

¿CANTOS TIREI?

↳ → 4



RUBEN

XOGAMOS OS BOLOS

¿CANTOS
TIREI?

NÉSTOR


BOLOS

←
BOLA



XOGANDO O'S BOLOS

~~7/8 A~~ ↑
TIREI 3



A A A




ANIRA

→ BOLA

¿CANTOS TIREI?

XOGAMOS OS BOLOS





Pautas de avaliación	Xogamos ós bolos
Nivel	Ed. Infantil 3 anos Titora: Ana Castro
	<p>Cumpre as normas do xogo</p> <ul style="list-style-type: none"> • sen dificultade • con dificultade <p>Conta os bolos caídos e os que quedan de pé</p> <ul style="list-style-type: none"> • de xeito convencional, seguindo un orde e considerando a inclusión xerárquica (“tirei 5”) • seguindo un orde pero non considerando a inclusión xerárquica (“tirei 1, 2, 3, 4, 5”) • ten dificultade para seguir un orde e dá un conteo incorrecto, con ou sen inclusión xerárquica (conta dúas veces, sáltase bolos...) <p>Compara as puntuacións obtidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • sen dificultade indica quen tirou máis, menos ou igual • con dificultade <p>Predí cantos bolos vai tirar</p> <ul style="list-style-type: none"> • tendo en conta os bolos que hai • non ten en conta os bolos que hai <p>Participa nas postas en común</p> <ul style="list-style-type: none"> • respecta as quendas e os puntos de vista alleos • ten dificultades para respectar as quendas e outros puntos de vista • participa e argumenta • participa, afirma pero non argumenta • non participa pero mostra interese • non participa e non mostra interese <p>Representa graficamente os bolos que tirou</p> <ul style="list-style-type: none"> • sitúa correctamente no espazo os diferentes elementos • ubica os diferentes elementos a representar pero os sitúa arbitrariamente • fai unha representación subxectiva, engadindo elementos <p>Indica no debuxo o número de bolos que tirou</p> <ul style="list-style-type: none"> • reproduce a realidade • non reproduce o que pasou realmente

Clase das árbores,
3 anos

